

Bases do II ERLAC Clásico sub2400

Datas: 27,28 e 29 de decembro de 2024.

Local de xogo: Fundación Escuela Universitaria de Relaciones Laborales de A Coruña, rúa Leopoldo Alas "Clarín" 2.

Participantes: O torneo está reservado para xogadores federados no 2024 que teñan 2400 ou menos de Elo FIDE de lentas na lista de decembro. O torneo será válido para ELO FIDE de lentas.

Sistema de xogo: suízo a 7 roldas.

Ritmo de xogo: 60´ minutos + 30" segundos de incremento.

Horario de xogo:

1ª rolda: venres 27 as 16:00	2ª rolda: venres 27 as 19:00
3ª rolda: sábado 28 as 10:30	4ª rolda: sábado 28 as 16:00
5ª rolda: sábado 28 as 19:00	6ª rolda: domingo 29 as 10:30
7ª rolda: domingo 29 as 16:00	Clausura as 19:15.

Inscricións: a través do formulario

https://docs.google.com/forms/d/1_ghlo0rvTx8jobN4oa8NTi8xUcrhOBlb6w8yMn9a4Qw/viewform?edit_requested=true ata xoves 26 de decembro ou completar aforo de 60 xogadores.

Prezos: xeral 20€, sub-16 e xogadores clubs Coruña 15€, con pago anticipado ingresando na conta ES50 2100 8685 3102 00002186 indicando nome e apelidos ata o luns 23, os pagos realizados despois do luns 23 levarán un recargo de 5€.

Emparellamentos: realizaránse mediante programa informático, non se admitirán reclamacións salvo erros na introducción de resultados antes da seguinte rolda.

Días de descanso (Byes): Pódense solicitar ata un máximo de 2 Byes ata a 5 rolda. Os Byes correspondentes a primeira rolda deberán formalizarse vía email (con acuse de recibo) a torneos@galichess.com antes de que remate o prazo de inscrición. Os Byes das seguintes roldas deberán formalizarse antes de que remate a rolda en xogo. Na rolda solicitada non se emparellará o xogador e daráselle medio punto.

Participantes: O torneo está reservado para xogadores con menos de 2400 Elo FIDE de lentas na lista de decembro, todos os xogadores deben estar federados, o torneo será válido para ELO FIDE de lentas.

Desempates: 1º Encontro Directo (DE), 2ª Bucholz corte -1* (BH-C1), 3ª Bucholz Total* (BH), 4º Media de Elo dos rivais -1** (ARO-C1).

* Nas partidas non disputadas aplicarase a modalidade Bakú 2023 da FIDE tanto para o cálculo dos rivais coma do propio xogador. ** Para os xogadores sen Elo considerarase un Elo de 1400.

Tempo de demora: será de 30 minutos dende o comezo da rolda. Un xogador que non compareza a partida sen causa xustificada será eliminado do torneo.

Premios (en euros): total 1000€

Xeral:	Especiais:	
1º 200€ + trofeo	1º sub-1800 20€	1º local 20€ + trofeo
2º 150€ + trofeo	1º Veterán(+55) 20€	1º sub14 trofeo
3º 125€ + trofeo	1ª Femenina 20€	1º sub10 trofeo
4º 100€	1º sub-18 20€	
5º 80€		
6º 70€		
7º 60€		
8º 50€		
9º 40€		
10º 30€		

E obrigatoria a presenza na clausura para recoller o premio. Os premios no son acumulables e repartiranse por rigurosa orden de clasificación, no caso de optar a 2 levarase o de maior cuantía e se son iguais seguiráse a orde xeral das bases.

Regras de xogo: Para o no especificado nestas bases aplicarase o regulamento da FIDE.

Aceptación: Os xogadores inscritos autorizan a organización do torneo, a difusión de información ou o uso de imaxes ou o nome do equipo e dos seus xogadores nos medios de comunicación ou nos anuncios e reportaxes da competición, sempre que non supoña un prexuízo para a súa honra ou reputación, nin que sexa contrario aos seus intereses e sempre dentro do marco legal establecido no Código Civil, na Lei de axuízamento civil e na Lei orgánica 15/99, do 13 de decembro, de protección de Datos Persoais.

Cesión de dereitos de imaxe: A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo, así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ERLAC a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os videos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atender ao dereito ao honor nos términos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado. Esta autorización pode ser revocada en calquera momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en

marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentemento, non terá carácter retroactivo.

